



Copia.

En contestación ás peticións relacionadas coas subvencións convocadas pola Deputación para traballadores autónomos e pequenas empresas dos concellos da provincia, indícolle que pode volver a consultar os expedientes, a información estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Autónomos e pequenas empresas	A partir da recepción	TRANSPARENCIA

Para fixar data e hora, prégolle contacte co departamento de transparencia nos teléfonos 988317605 ou 629226655, ou ben a través do Mail: transparencia@depourense.es

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 1 de setembro 2020

OPRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.
Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.